

Foxo do lobo da Boca da Grova





LOCALIZACIÓN: Lugar: Torroña Parroquia: Burgueira Concello: Oia Xeozona: Serra da Grova Provincia: Pontevedra	COORDENADAS UTM X: 515.028 Y: 4.654.792 CARTOGRAFÍA: Mapa Topográfico Nacional de España. Folla 261-III (Cristelos) Escala 1:25.000
---	---

SITUACIÓN:

O foxo da boca da Grova, ubícase na Serra da Grova, nunha zona de divisoria de augas entre os concellos de Oia, Baiona, Gondomar e Tomiño, onde se forman pequenos nacentes que se distribúen cara oriente e cara occidente. O máis importante deles, que alimenta ao río da Grova, formou unha estensa chaira moi húmida que na primavera-verán é aproveitada polos piguireiros para trasladar o gando en réxime extensivo, aproveitando os pastos frescos. Este mesmo aproveitamento prodúcese en todo o entorno, onde abundan os currais de gando ubicados nas cabeceiras dos regatos e nas vagoadas húmidas. O foxo pecha polo sur a chaira, e corta o paso do lobo da Serra da Grova cara aos currais gandeiros da parroquia de Burgueira. O topónimo do lugar, a Boca da Grova, fai precisamente referencia a unha boca ou

boqueiro, que se interpreta como un estreito paso entre montañas, frecuentado como paso natural histórico, de aí a estratéxica ubicación do foxo do lobo.



ACCESOS:

Situándonos na estrada costeira que comunica Baiona con Oia, á altura da capitalidade deste municipio, collemos un desvío que sobe á Serra da Grova ata chegar á aldea de Torroña. Seguimos dous kilómetros pola estrada norte desta poboación ata apañar unha pista forestal á dereita ata a Boca da Grova, onde se atopa o foxo do lobo na zona sur da penichaira.

DESCRICIÓN:

Presenta un estado de conservación bastante deteriorado, cunha alta porcentaxe derrubada dos muros que converxen no buraco, quedando só a base dos mesmos ou como moito dúas ou tres fiadas do paramento vertical da parede. O pozo onde converxían as sebes e caía o lobo, desapareceu por mor da construción dunha pista forestal que atravesa o punto exato onde se xuntaban as paredes co buraco.



Lugar onde se ubicaría o pozo do foxo dos lobos da Boca da Grova

Está situado a 582 m de altitude, co desaparecido pozo orientado cara ao sur e cunha suave caída de norte a sur no espazo onde se desenvolve o derradeiro acto da batida do lobo.

A parede leste mide 917 m, e está bastante deteriorada, non conservando ningún alzado completo do muro e polo tanto ningunha das capeas que recubrían a parte superior do mesmo. Estas están depositadas entre o volume de pedra caída. Na parte máis cercana ao pozo está desfeita pola pista e, no resto do seu desenvolvemento pola ladeira, conserva unha media de dúas-tres fiadas do seu paramento pétreo con gran volume de derrume depositado ao seu carón. O muro oeste é bastante máis

reducido, xa que mide 335 m, estando tamén totalmente derrubado e con abundante volume de pedra á súa beira. Ambos presentan a mesma técnica construtiva, secuencialmente intercala unha lousa fincada, contraposta ás anteriores, a xeito de pasante para garantir a sustentabilidade da construción. Sobre esta base érguese o resto do muro, coa colocación de lousas máis pequenas e irregulares, recibidas en seco, ata unha altura de máis de dous metros, se nos guiamos polo volume de derrume onde este se conserva. Teñen unha anchura media de 60-70 cm.



Detalle do derrume acumulado ao pé dos muros

Do pozo, onde caía o lobo, non podemos precisar ningún dato dado que foi arrasado pola pista forestal e non se conserva ningún vestixio do mesmo que si é lembrado pola tradición oral da comarca.




Base dun tramo de parede onde podemos ver a técnica construtiva empregada no foxo

Non se conservan estruturas de pedra asociadas a esta trampa, coa funcionalidade de postos de espera de cazadores para abatir aos lobos que lograsen evadir o foxo.


O aparello empregado para a construción do foxo foi extraído dos afloramentos rochosos circundantes, seguindo a técnica tradicional con cuñas de madeira e ferro.

O espazo da batida, non se limita ao lugar onde comezan as paredes do foxo, dado que un cordón humano prolongaría virtualmente as sebes da trampa, para abranguer os cumios amesetados que se prolongan cara ao norte da parede leste, e cara o norte da parede oeste ata o precipicio do nacemento do río da Grova.



Non recollemos na memoria oral datos que poidan documentar os derradeiros anos nos que se empregou o foxo de Oia e, polo tanto, non atopamos a ninguén que lembrase unha cacería desenvolvida no mesmo. Sería empregado ao longo dos anos, polas parroquias situadas ao redor da Serra da Grova que desenvolveron ao longo da Idade Media grandes batidas ludico-festivas, co propósito de acabar cos lobos que perxudicaban ao seu gando. Estas batidas, nas que podían participar máis de 200 persoas, eran consideradas polo veciños como un gran día de festa, coa constante animación de gaiteiros e foliós.

A continuación represéntase sobredimensionado sobre unha fotografía o desenlace final dunha batida do lobo no foxo da Boca da Grova. En puntos roxos o foxo do lobo situado na portela, co buraco na parte inferior da vagoada e pechando o paso da Portela da Boca da Grova cara aos currais gandeiros da parroquia de Burgueira. Os macacos verdes representan a prolongación do muro leste do foxo polo outeiro amesetado para impedir que o lobo escapase por esa ala da trampa. Nos outeiros próximos ao foxo, tamén estarían colocadas polo Monteiro Maior, as voces encargadas de dirixir a montería e de informar de calquera movemento estrano do lobo. Finalmente as frechas vermellas representan o sentido da batida, onde os lobos entrarían no recinto interior do foxo perseguidos polo tropel da montería.



Vista aérea do Foxo de converxencia da Serra da Grova

HUSO 29

ESCALA 1:7500

FECHA DE IMPRESION 29/09/2010

